



Exper-i-Ciencia CSIC é un proxecto de Cultura Científica liderado pola Unidade de Cultura Científica da Delegación do CSIC en Galicia, no que participan todos os centros de investigación galegos, e que conta, un ano máis, coa colaboración da Fundación Barrié a través de educaBarrié, a súa iniciativa para a comunidade educativa.

Este proxecto que no presente curso 2015/2016 inicia a súa XI edición, ten por obxectivo achegar a ciencia á comunidade educativa mediante visitas de persoal científico-técnico aos propios centros de ensino. Con estes encontros búscase espertar a curiosidade e o interese pola ciencia dos máis novos, polo que os temas científicos son abordados desde unha forma didáctica e divulgativa sen perder o rigor. Así mesmo se fomenta o diálogo entre poñente, estudantes e docentes, sobre o traballo científico, as vocacións temperás e as investigacións futuras. Nalgúns casos as visitas inclúen sinxelas experiencias participativas.

Esta actividade cobre todos os niveis educativos desde infantil ata bacharelato, é gratuíta e pode ser solicitada por calquera centro de ensino galego.

Desenvolvemento

A actividade, que adoita estar apoiada cunha presentación de diapositivas, ten unha duración aproximada de 1 hora (30 minutos en infantil) e divídese en tres bloques:

- 1) Presentación e exposición dun tema científico acompañada, en ocasións, dunha sinxela experiencia.
- 2) Debate co alumnado e os docentes.
- 3) Despedida e entrega de obsequios.

O formato pode variar en función das solicitudes, e sempre que persoal científico-técnico e docentes estean conformes.

Contidos científicos

Exper-i-Ciencia CSIC 2015-2016 involucra a persoal científico e técnico dos centros de investigación do CSIC en Galicia. Poderán obter máis información das liñas de investigación dos centros en:



MINISTERIO
DE ECONOMÍA
Y COMPETITIVIDAD



Misión Biolóxica de Galicia (MBG, Pontevedra): realiza investigacións e traballos científicos relacionados cos problemas da agricultura galega (xenética e mellora de leguminosas, viticultura, bioloxía do estres, mellora de brásicas e millo, xenética forestal). Máis información: www.mbg.csic.es

Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento" (IEGPS, Santiago de Compostela): a súa actividade científica concéntrase no ámbito da Historia, desde a Idade Media á Contemporánea, destacando entre as súas principais liñas de investigación os estudos sobre o parentesco e as redes de poder na Idade Media, as fontes diplomáticas, os inventarios de patrimonio histórico ou as peregrinacións. Máis información: www.iegps.csic.es

Instituto de Investigacións Mariñas (IIM, Vigo): as investigacións levadas a cabo neste centro abarcan todas as áreas das ciencias mariñas, desde a oceanografía á bioloxía molecular, a acuicultura ou a ciencia e a tecnoloxía dos alimentos. Máis información: www.iim.csic.es

Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia (IIAG, Santiago de Compostela): realiza tanto investigación básica como aplicada, presta asesoramento científico a varias institucións galegas en temas relacionados coa erosión e contaminación de chans e coa prevención de incendios forestais. Existe tamén un grupo dedicado a biotecnoloxía forestal mediante o cultivo in vitro de árbores autóctonos. Máis información: www.iiag.csic.es

Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT, Santiago de Compostela): desenvolve os seus traballos de investigación sobre a significación e valorización social do patrimonio cultural, desde unha perspectiva multidisciplinar que cobre a arqueoloxía, arqueoloxía da paisaxe, antropoloxía, historia, arqueoloxía do presente, socioloxía, ciencias da terra e inxeniería de software. Máis información: www.incipit.csic.es

Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA, Santiago de Compostela): centro mixto no que participan o CSIC e a Xunta de Galicia. É un centro de cálculo, almacenamento de datos, comunicacións e servizos avanzados da comunidade investigadora galega no campo da tecnoloxía da información e nas comunicacións. Máis información: www.cesga.es

Delegación CSIC Galicia (Santiago de Compostela): a Unidade de Cultura Científica especializouse en charlas orientadas a infantil e primaria que dan visibilidade ao traballo dos investigadores. Tamén se imparten charlas multidisciplinares orientadas á ISO e Bachillerato,



MINISTERIO
DE ECONOMÍA
Y COMPETITIVIDAD



CSIC

CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS
DELEGACIÓN DE GALICIA

que dan unha visión xeral das principais liñas de investigación que se desenvolven nos centros do Consello en Galicia. Máis información: www.delegacion.galicia.csic.es

Cabo destacar que ao ser o ano 2015 o Ano Internacional do Solo, farase un esforzo especial en dar visibilidade ao traballo dos grupos que investigan este recurso, fundamental para a vida no planeta.

Exper-i-Ciencia CSIC, é a actividade estrela do CSIC en Galicia, chegando en anteriores edicións a máis de 4.800 alumnos das catro provincias galegas. Das enquisas realizadas entre docentes e alumnado dedúcese que o máis valorado foron os encontros realizados en centros de ensino do rural, con escasa ou nula oferta de actividades científicas, así como o esforzo realizado polo persoal do CSIC, para adaptar os coñecementos ao alumnado de infantil e primaria.

Os encontros poderán realizarse durante o curso escolar 2015-2016 (ata o 17 de decembro 2015).

Poderán solicitar os formularios de participación a través do correo:

ucc.galicia@csic.es

ou mediante a canle educaBarrié:

www.educabarrie.org/agenda#/eventos/exper-i-ciencia-2014-2015